

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2018



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. ISAAC DÍAZ PARDO - CULLEREDO (A. CORUÑA)

Estimados pais, nais e titores/as legais.

Lembrámosvos que o vindeiro luns 26 de novembro, estades todos convocados ó acto de votación para a elección de dous representantes dos pais no Consello Escolar do Centro. A votación terá lugar entre as 13:30 horas e as 17:00 horas, na Biblioteca do Colexio.

Os candidatos/as proclamados pola Xunta Electoral, reunida neste centro o día 14 de novembro, son os seguintes:

BARBEITO GÓMEZ, PURIFICACIÓN

Culleredo a 15 de novembro de 2018
O presidente da Xunta Electoral

Asdo. Julio C. labandeira Sánchez



De acordo coa normativa vixente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 **pais/nais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Dous dos outros representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016 e un terceiro para completar os cinco noméao directamente a AMPA. **Neste caso so hai unha candidatura.**

2.- A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 24 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 25 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio o **día 26 de novembro, de 13'30 a 17'00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13'15 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,